


## O maio

Ahí ven o maio  
de frores cuberto ...  
Puxéronse á porta  
cantándome os nenos;  
i os puchos furados  
pra min estendendo,  
pedíronme crocas  
dos meus castiñeiros.  
Pasai, rapaciños,  
calados e quedos;  
que o que é polo de hoxe  
que darvos non teño.  
Eu sonvos o probe  
do pobo galego:  
pra min non hai maio,  
ipra min sempre é inverno! ...  
Cando eu me atopare  
de donos liberto  
i o pan non me quiten  
trabucos e préstemos,  
e como os do abade  
frozcan os meus eidos,  
chegado habrá entonces  
o maio que eu quero.  
¿Queredes castañas  
dos meus castiñeiros? ...  
Cantádeme un maio  
sin bruxas nin demos;  
un maio sin segas,  
usuras nin preitos,  
sin quintas, nin portas,  
nin foros, nin cregos.

*M. Curros Enríquez*



Sede da Fundación O Noso Lar



Cova de Santalla de Lóuzara



**Fundación O Noso Lar**  
San Román de Lousada  
27620 Samos (Lugo)

www.onosolar.org  
Tel.: 982 18 70 04  
fundación@onosolar.org

*IV Concurso Literario  
Infantil-Xuvenil  
"Fundación O Noso Lar"*



# IV Concurso Literario Infantil-Xuvenil "Fundación O Noso Lar"

## BASES

**1.-** Este Concurso Literario Infantil-Xuvenil, ten como fin fomentar e promocionar a creatividade literaria dos nenos, rapaces e mozos. Nel poderán participar os menores de 25 anos según os apartados seguintes:

- a) Nenos ata 14 anos .**
- b) Rapaces de 15 a 18 anos.**
- c) Mozos de 19 a 25 anos.**

**2.-** O tema dos traballos, a forma e o estilo (narrativa, conto, diálogo...) é libre.

**3.-** Os traballos deberán ser inéditos e presentarse preferentemente en galego, manuscritos con letra lexible ou a ordenador, en ambos casos en folios escritos por unha soa cara e deixando marxes de 2 cm. De utilizar ordenador, deberá empregarse letra *Times New Roman*, tamaño 12 e interlineado de 1,5.

**4.- A extensión do traballo** será, según os apartados sinalados máis arriba, a seguinte:

**Apartado a):** mínimo de dous folios e máximo de cinco.

**Apartados b) e c):** mínimo de tres folios e máximo de cinco.

**5.- Cada traballo será realizado e firmado por un só concursante.**

**6.- Os traballos deberanse presentar por triplicado**, asinados con seudónimo e acompañados dun sobre pechado en cuxo exterior figure o título do traballo, o seudónimo e a idade do autor, e no seu interior farase constar nun papel: nome e apelidos, dirección e teléfono do autor do traballo, así como o nome do centro onde realiza o seus estudos e o curso a que pertence (no caso de ser estudante).

**7.- Concederanse os seguintes premios** en cada un dos apartados (a, b, c):

**Primeiro premio** dotado con 200 € e diploma.

**Segundo premio** dotado con 100 € e diploma.

**8.- O prazo de admisión dos traballos** comeza na data de publicación desta convocatoria e **rematará o 1 de maio de 2015.**

**9.- A entrega de premios** aos ganadores do Concurso, realizarase o domingo **31 de maio** de 2015 as **17h** na sede da Fundación O Noso Lar en San Román de Lousada, nun acto especial onde despois de dar lectura aos traballos galardoados cos primeiros premios, terá lugar un pequeno festexo.

**10.-** O xurado calificador do Concurso será designado polo Padroado da Fundación e o seu fallo será inapelable.

**11.-** Os traballos premiados quedarán en propiedade da Fundación O Noso Lar, que publicará os primeiros premios na súa revista *O Noso Lar*.

**12.-** O xurado poderá declarar desertos os premios se estima que ningún dos traballos presentados acadará a calidade necesaria.

**13.-** As obras que non resulten premiadas serán destruídas.

**OS TRABALLOS ENVIARANSE A:**



**Fundación O Noso Lar  
San Román de Lousada  
27620 SAMOS (LUGO)**